



PUBLICADO NO BOE O IX CONVENIO COLECTIVO DE ENSINO NON REGRADO, QUE NON FOI ASINADO POLA CIG-ENSINO

Desta volta, coa desculpa da “pandemia” das patronais e coa complicidade dunha parte do sindicalismo estatal, consolídase a precariedade no sector ao asinarse un novo convenio sen melloras laborais e que aumenta a perda de poder adquisitivo.

O xoves 28 de outubro de 2021 saíu publicado no BOE o **IX Convenio colectivo estatal de ensinanza e formación non regrada**, logo de asinarse a finais de xullo (en plenas vacacións e pola porta de atrás) por parte das patronais CECAP, ACADE-FECEI, CECE e ANCED e pola parte sindical só por FE-CCOO (o que dá idea da miseria asinada ao non facelo nin sequera FESP-UGT, que si asinou os anteriores sendo tamén responsable en parte desta precariedade laboral no sector). Desde o punto de vista social, foron 14 reunións estériles durante máis dun ano e medio, carentes de negociacións reais, dado que **non se acadaron melloras significativas agás algunha esmola en licenzas e permisos e as adaptacións (obrigadas) á normativa legal vixente**. Porén, **certifícase continuidade na precariedade laboral e sobre todo salarial, co aumento da perda de poder adquisitivo** (nen sequera aseguran o IPC-real nun convenio do máis precario en salarios e tamén en condicións laborais, dentro de todos os que hai no sector do ensino).

Unha vez máis vendéronse aos traballadores/as nestas mesas de “negociación” estatais!!

Resumimos e valoramos as novidades e modificacións deste IX convenio colectivo:

- **O convenio asínase até decembro de 2022**, un despropósito ao ser denunciado no 2019, negociarse durante máis dun ano e medio e non acadar melloras a ter en consideración.

- **As táboas salariais asinadas**, sabendo que herdabamos perda de poder adquisitivo das táboas anteriores, debido a conxelacións pola “crise” e subas asinadas por debaixo do IPC, **recollen:**

- **2020 – conxelación salarial**, con adaptación ao SMI (950€) por lei e polo tanto obrigado.
- **2021 – 1,5% de suba** sobre as de 2020. Só salario base, polo que a suba é inferior en %.
- **2022 – 2% de suba** sobre as de 2021. Só salario base, polo que a suba é inferior en %.

Estas novas táboas asinadas, por desgraza, acabarán consolidando a perda de poder adquisitivo acumulada até o de agora e incluso a incrementarán, pois o 2021 xa apunta a un IPC-Real de máis do 5% e a tendencia futura é a alza.

Estas subas salariais, e adaptacións ao SMI a quen corresponda, **teñen as empresas que aboar os atrasos en 3 meses dende a publicación en BOE do convenio** (decembro 2021).

As subas aplicaranse só sobre o salario base, quedando o “CPP” e “Compl. Dedicación” conxelados, así como as cantidades dos postos funcionais (director, xefe de estudos,...).

Resulta vergoñento que traballadores/as tan cualificados (mínimo o Grao) como se requiren, persoal docente sobre todo, non se lles recoñeza salarialmente, estando case no SMI. Todas as

OO.SS esixiamos dignificación dos salarios: mínimo cláusula revisión salarial ás táboas segundo IPC, aplicar o SMI ao salario base e non computando o Complemento de dedicación e aos docentes subírlles progresivamente aos 18.000€ (sobre 1300€/mes de salario mínimo).

- **Contratacións:** introdúcense mínimas melloras na **xornada a tempo parcial**, recoñecendo a estes contratos unha preferencia a ocupar vacantes na empresa ou aumentar xornada, antes de novas contratacións, sempre que cumplan os requisitos das mesmas. No **contrato por obra ou servizo determinado** suprímese a modalidade de facelos con terceiros.

Non se afrontan melloras reguladoras tanto na parcialidade como na temporalidade, cando eran reivindicacións de todas as OO.SS e víamos prioritarias: redución de porcentaxes, limitacións e recoñecemento de melloras económicas.

- **Clasificación profesional:** introduciuse mellora aclaratoria na redacción do “**profesor/a auxiliar**” para “evitar” fraude na contratación.

As OO.SS. entendiamos que se deberían eliminar estas categorías de auxiliar, ou homologar salarialmente. Ademais reivindicabamos outras categorías, que non foron tidas en conta.

- **Ceses voluntarios traballador/a:** redúcense miseramente a 25 días os preavisos, mantendo as sancións con descontos de 2 días por cada día de retraso no preaviso con claros fins recaudatorios. O acceso á función pública por listas non se mellorou tampouco.
- **Permisos e licenzas:** mínimo avance de **15h. anuais retribuídas para acompañar ao médico** a fillos/as menores de 12 anos e familiares a cargo ate 1º grao de consanguinidade. Logo adaptación de outros art. á normativa legal vixente recoñecéndose

os **días de permiso como laborais onde non se especifique, ademais de computar dende o 1º día laborable.**

Resulta curioso que noutros convenios da ensinanza, os mesmos asinantes deste recoñecesen 20h. anuais e ademais para outros asuntos propios como ir titorías dos fillos/as. Dende a CIG-Ensino demandamos visitas médicas sen límites horarios: é un deber inescusábel e ademais hai que ter días de asuntos propios, coma na maioría de convenios do sector.

- **Adaptacións en dereitos sociais á normativa legal vixente:** paternidade, conciliación vida laboral e familiar, lactancia,... Non acadamos unha soa mellora das que reivindicabamos dende a parte social. Todo o modificado foi por obriga legal.
- **Creación de 3 novos artigos:** un foi o “**Rexistro e control horario**” só coa incorporación ao convenio, pois fora negociado, acordado (asinado por nós) e publicado en BOE anteriormente. Os outros foron “**Traballo a distancia**” e “**Plans de igualdade e igualdade retributiva**” facéndose só unha mención ás novidades legislativas, sen avances nin melloras.

Deste xeito, **mantense igual a xornada laboral** (sen marcar como mínimo a porcentaxe da xornada lectiva e non lectiva, rebaixar esta e a dos non docentes, os desprazamentos deben computar como traballo efectivo, regular o traballo a distancia, online,...), **as vacacións** (dentro do ensino é o sector con menos vacacións, manténdose unha redacción ambigua e conflictiva para traballadores/as), **os permisos e excedencias** (básicos, apenas melloran o E.T e os cambios foron por normativa vixente, agás a bolsa das 15h., única mellora obxectiva), **a incapacidade temporal – IT** (segue sendo sancionado o traballador/a economicamente por unha baixa laboral).

Categorías profesionais	ANO 2019	ANO 2020	Atrasos
Profesor/a titular	14.781,09	14.781,09	0,00
Profesor de taller	14.781,09	14.781,09	0,00
Profesor/a Auxiliar /Adxunto/a	13.134,73	13.134,73	0,00
Profesor Auxiliar “on line”	13.134,73	13.134,73	0,00
Instrutor/a ou Experto/a	12.311,83	12.311,83	0,00
Educador social	14.781,09	14.781,09	0,00
Xefe de Administración	16.728,15	16.728,15	0,00
Oficial administrativo 1ª	13.655,10	13.655,10	0,00
Oficial administrativo 2ª	13.248,66	13.248,66	0,00
Orientador profesional	13.248,66	13.248,66	0,00
Prospector de emprego	13.248,66	13.248,66	0,00
Auxiliar administrativo	11.386,81	11.983,72	596,91
Redactor/a- Corrector/a	11.386,81	11.983,72	596,91
Axente comercial	11.264,85	11.983,72	718,87
Televendedor	11.264,85	11.983,72	718,87
Encargado/a de Almacén	13.660,29	13.660,29	0,00
Empregado/a de Servizos Xerais	11.264,85	11.983,72	718,87
Auxiliar non docente	11.264,85	11.983,72	718,87
Monitor- Animador	11.264,85	11.983,72	718,87
Titulado non docente	14.781,09	14.781,09	0,00
CPP	431,75	431,75	
COMPLEMENTO DEDICACIÓN (En 12 pagas)			
Ten 50% ou máis de xornada	109,69	109,69	
Ten menos do 50% e máis do 25%	54,85	54,85	
Ten o 25% ou menos de xornada	33,21	33,21	
Conxelación, agás salarios menores SMI			

AFÍLIATE, APOIA E PARTICIPA NAS CANDIDATURAS DA CIG-ENSINO NO TEU CENTRO DE TRABALLO!

As seguintes táboas salariais para 2021 e 2022, veranse de novo modificadas debido ao novo SMI (965€) aprobado dende setembro deste ano, polo que a comisión negociadora reunírase para adaptalas e volvelas a publicar no BOE. Estas miserias salariais e falta de negociación levan a estes constantes cambios e pagos de atrasos, que acaban afectando á declaración da renda e pagar máis.

Táboas salariais IX Convenio Colectivo de Ensinanza e Formación Non Regrada

Categorías profesionais	ANO 2021(1,5%)	ANO 2022 (2%)
Profesor/a titular	15.002,81	15.302,86
Profesor de taller	15.002,81	15.302,86
Profesor/a Auxiliar /Adxunto/a	13.331,75	13.598,39
Profesor Auxiliar “on line”	13.331,75	13.598,39
Instrutor/a ou Experto/a	12.496,51	12.746,44
Educador social	15.002,81	15.302,86
Xefe de Administración	16.979,07	17.318,65
Oficial administrativo 1ª	13.859,93	14.137,13
Oficial administrativo 2ª	13.447,39	13.716,34
Orientador profesional	13.447,39	13.716,34
Prospector de emprego	13.447,39	13.716,34
Auxiliar administrativo	12.163,48	12.406,75
Redactor/a- Corrector/a	12.163,48	12.406,75
Axente comercial	12.163,48	12.406,75
Televendedor	12.163,48	12.406,75
Encargado/a de Almacén	13.865,19	14.142,50
Empregado/a de Servizos Xerais	12.163,48	12.406,75
Auxiliar non docente	12.163,48	12.406,75
Monitor- Animador	12.163,48	12.406,75
Titulado non docente	15.002,81	15.302,86
CPP		
CPP	431,75	431,75
COMPLEMENTO DEDICACIÓN		
Ten 50% ou máis de xornada	109,69	109,69
Ten menos do 50% e máis do 25%	54,85	54,85
Ten o 25% ou menos de xornada	33,21	33,21

De que terán remorsos os asinantes do convenio ?

Rematadas as negociacións por acordo na 14ª reunión, entre as patronais e CCOO (asinando un convenio continuista de “transición”) estas quedan en plasmar no texto os cambios acordados, asinalo e mandalo ao BOE para publicalo, previo envío ás partes negociantes, como sempre se fixo. Ben, pois dende a CIG-Ensinos temos que denunciar, unha vez máis, a actitude sectaria que tiveron as organizacións asinantes ao non mandarnos o texto asinado, incluso logo de solicitálo por 3 veces.

Podes mudar esta actitude sectaria, de pactismo e entreguismo sindical que non vos representa.